



## **BOLONIA BOOKS FAIR 2009**

Texto: Manel Cráneo

Fotos: Pintureiro

### **INTRODUCCIÓN**

Entre os días 23 e 27 de marzo desenvolveuse a Feira do Libro de Boloña – Bologna Books Fair 2009, con Corea como país convidado.

Por cuarto ano consecutivo, AGPI estivo representada na feira dentro da delegación oficial da Xunta de Galicia, na cal compartimos caseta editores, escritores e ilustradores galegos. A nosa representación correu a cargo dos nosos socios e directivos Manel Cráneo e Pintureiro, ao igual que fixeran o ano 2008.

Antes de facer un resumo do acontecido na feira, analizamos rapidamente a traxectoria nela por parte da AGPI.

## RESUMO PARTICIPACIÓN AGPI EN FEIRAS ANTERIORES

### 2006

Acoden Kiko da Silva para facer un tenteo da feira. Carecemos de informe oficial desta viaxe.

### 2007

Acoden Óscar Villán e Manel Cráneo, e realizan os primeiros contactos de cara ao futuro, acudindo a reunións do EIF e visitando editoriais estranxeiras. Repártense catálogos da exposición *Can de Palleiro* como medio promocional. Posteriormente, realízase un estudo sobre o funcionamento da feira e mais un informe completo con vistas a crear unha estratexia de acción de AGPI nela para futuros anos.

### 2008

Acoden Manel Cráneo e Pintureiro. Coa base establecida o ano anterior, poñen en marcha unha estratexia de promoción dos asociados utilizando un avance en CD da nosa actual guía AGPI e mostras dos catálogos *Plantando Libros* e *Quero Medo*. Realízase unha lista de contactos establecidos que foi axuntado no correspondente informe oficial.

## INFORME DA FEIRA DE BOLOÑA 2009

Pasamos a informar por puntos sobre as accións desenvolvidas na feira.

### 1. CAMPAÑA DE PROMOCIÓN AGPI

Durante a feira traballamos sobre as liñas establecidas o ano 2008 e partindo da lista de contactos que vos ofrecemos no anterior informe, e dedicamos todo o noso esforzo a afianzar lazos coas editoriais que xa tiñamos contactadas. Tamén fixemos novos contactos, co que ampliamos a lista que xa tiñamos e que axuntamos ao final deste informe. A recepción por parte dos editores foi máis que positiva na meirande parte dos casos.



### A FUNCIÓN DA GUÍA

A guía funcionou moito mellor entre os editores que o CD e os catálogos das exposicións que repartimos o ano anterior, aínda que non podemos desprezar a función que tiveron os catálogos: estando moi lonxe da funcionalidade da guía, serviron para que moitos se lembrasen da AGPI cando nos viron.

Alguns editores comentáronnos que xa estiveron traballando con algúns dos nosos asociados e que estaban moi interesados no panorama galego. Isto dixéronnolos tanto a nivel internacional como estatal.

Polo xeral, este tipo de guía non se move por parte doutros países, polo que comprobamos que este tipo de publicación pode converterse nunha ferramenta de enorme importancia para a nosa promoción profesional, e que o servizo que ofrecemos aos nosos socios é máis de axencia que de asociación.

Durante a feira repartimos arredor de 50 guías persoalmente, mediante este sistema de visitas e reunións con editores e axentes. Ademais, repartíronse outras tantas no posto da delegación galega da Xunta de Galicia. O resto de asociacións de ilustradores reparten exclusivamente nos seus postos, escaparate único do que fan.

## **2. ACTOS OFICIAIS CON PRESENZA GALEGA**

### **2.1. IBBY PRESS CONFERENCE**

**Luns 23 de marzo, ás 14:30, na Sala Concerto-Centro Servizi**

Acudimos a este acto onde se presentou oficialmente o próximo congreso do IBBY, que decorrerá en Santiago de Compostela no ano 2010. En nome de Gáliz, entidade representante do IBBY en Galicia, falou Xosé Antonio Neira Cruz, explicando os aspectos organizativos e a importancia de que o congreso se leve adiante en Galicia. Pasouse ademais un vídeo informativo sobre Santiago de Compostela e as características que fan desta cidade un lugar ideal para acoller o congreso.

Será a terceira vez na longa historia deste congreso que se organice en España; as cidades que acolleran antes este evento —hai xa uns anos— foron Madrid e Sevilla.

O cartel anunciador do evento corre a cargo do noso socio Xan López Domínguez.



### **2.2. EXPOSICIÓN “O ÁLBUM GALEGO: 25 MIRADAS PARA UNHA DÉCADA”**

**Luns 23 de marzo, ás 19.30, no Palazzo Dell’Archiginnasio na Piazza Galvani**

No acto interviñeron Xan López Domínguez, en representación dos ilustradores participantes na mostra; Helena Torres, na da delegación galega e na da organización da mostra; e Xosé Antonio Neira Cruz, na dos escritores participantes.

A mostra recolle mostras de libros ilustrados en lingua galega, aínda que non todos os ilustradores son galegos, co que realmente estamos ante a exposición dunha selección de títulos publicados na nosa lingua.



### **2.3. PRESENTACIÓN DE “GALICIAN BOOKS”**

**Martes 24 de marzo, ás 09:00, na Sala Vivace-Centro Servizi**

A Xunta de Galicia presentou o catálogo coa selección de títulos galegos que se distribúe na feira como medio promocional da literatura infantil e xuvenil galega durante 2008.

### **2.3. APERITIVO NO STAND DE GALICIA**

**Martes 24 de marzo, ás 14:00, na caseta de Galicia**

Un ano máis, a Xunta, igual que fan outras institucións e tamén editoriais, ofreceu un aperitivo ao que invitamos a editores, representantes doutras asociacións de ilustradores, escritores, etc. Este tipo de acto é o momento idóneo para falar coa xente nun ambiente máis distendido e seguir facendo relacións públicas.

## **3. PREMIOS BOLOÑA 2009**

Acudimos á gala de presentación dos premios de Boloña 2009, que se repartiron entre os mellores libros do ano. Entre os premiados encontrámonos con Alba Marina Ribera —socia de APIC—, que acadou o premio New Horizons (de novos valores) polo seu libro *El contador de cuentos*, editado por Ekaré, e con Ajubel —socio de APIV—, que levou o premio Fiction coa súa obra *Robinson Crusoe*, editada por Media Vaca.



#### 4. NOMINACIÓNS AOS PREMIOS ANDERSEN

En Boloña soubemos que dentro das *nominacións* a este premio temos este ano ao noso socio Xan López Domínguez. O vindeiro ano desvelarase o gañador. Lembrámosvos que Xan xa estivo nomeado o ano anterior ao Astrid Lingren, que é outro dos premios máis prestixiosos da literatura infantil e xuvenil no ámbito internacional.



#### 5. EXPOSICIÓNS

Visitamos a exposición anual de Boloña, a de Sergio Toppi e a de Innocenti. As tres deixáronnos abraiados pola calidade dos orixinais. A selección de Boloña deste ano, coma sempre, é heteroxénea e dá unha imaxe global das diferentes correntes que se levan dentro do panorama internacional.

Sería de interese que AGPI comprometése uns cartos para ir adquirindo o catálogo anual da feira; ata agora nunca se fixo, pero sería un material moi bo para ter na nosa biblioteca da sede. O catálogo custa 50 euros, aínda que este ano o rebaxaron a 35 o derradeiro día de feira á última hora.

A nosa apertada axenda de traballo non nos permitiu ver máis, aínda que na cidade había exposicións de varios autores de cómic, como por exemplo Charles Burns (en semanas anteriores houbera un encontro de cómic, e as exposicións aínda permanecían montadas coincidindo coa feira).

#### 6. OUTRAS ACTIVIDADES

O martes fomos convidados a participar da cena que celebran desde hai varios anos os compañeiros da APIC. Cabe dicir que os compañeiros cataláns fan un desembarco anual de socios na feira de entre 20 e 30 socios. Cada socio acude alí sufragando os seus propios gastos. Sería interesante ver un movemento de cara a esta feira por parte dos autores galegos xa que a maiores da promoción xeral que podemos ofrecer desde AGPI, o simple feito de moverse alí en persona pode abrir moitas máis portas. O único problema que ten Bolonia son os prezos dos hotéis e que desde Galicia non hai vuelos directos, aínda que todo é cuestión de enterarse un pouco. Os compañeiros de APIC nos comentaron que tamén hai a posibilidade de alugar apartamentos entre varias personas en caso de viaxar en grupo, iso abarata bastante o prezo da expedición.



## 7. LISTADO DE CONTACTOS ESTABLECIDOS

Este listado inclúe os contactos feitos nas feiras anteriores e que aproveitamos para afinazar nesta última edición e está actualizado con algúns novos contactos engadidos este ano e que están incluídos a partir do número 33 do presente listado. Os que están en bermello son os contactos xa feitos que sufriron algunha modificación este ano xa ben sea porque cambiou a persona de contacto ou algún outro dato.

Esperamos que fagades deste un listado útil para a vosa autopromoción.



1. SCBWI: Society of Children's Book Writers & Illustrators ([scbwi.org](http://scbwi.org)) Asociación australiana de escritores e ilustradores . Contacto feito a traveso da Hazel Edwards (Hippopotamus Books). [www.hazeledwards.com](http://www.hazeledwards.com) e Sue Whiting (The firefighters) [www.suewhiting.com](http://www.suewhiting.com)
2. Edizioni Corsare. Perugia . Italia. ([www.edizionicorsare.it](http://www.edizionicorsare.it)) Contacto feito en 2008 a traveso de Claudia Codeluppi, este ano a persona cambiou, tedes que falar con Giuliana Fanti e contactar a traveso da súa web.
3. Heryin. California. U.S.A. ([www.heryin.com](http://www.heryin.com)) Contacto: editor jefe: Yih-Fen Chou. [editor@heryin.com](mailto:editor@heryin.com)
4. Carlton Publishing Group. Londres. U.K. ([www.carltonbooks.co.uk](http://www.carltonbooks.co.uk)). Contacto: Gabriela Ledochowski. Foreign Rights Manager. [gledochowski@carltonbooks.co.uk](mailto:gledochowski@carltonbooks.co.uk).
5. Lupita Books. Barcelona. [www.lupitabooks.com](http://www.lupitabooks.com) Contacto: Santiago Beascoa. [sbeascoa@lupitabooks.com](mailto:sbeascoa@lupitabooks.com)
6. Simon & Schuster children's publishing division. New York. Aunque hablamos con Stephanie Voros (vicepresidenta, dereitos subsidiarios) ela non é directora de arte. O contacto sería para preguntarlle a quen diriximos: [Stephanie.voros@simonandschuster.com](mailto:Stephanie.voros@simonandschuster.com)
7. Coughlan Publishing. Capstone/Compass Point/ Picture Window Books/Red Brick Learning/Stone Arch Books. [www.coughlanpublishing.com](http://www.coughlanpublishing.com) Bloomington, USA. Contacto: Tom Kalgren, pero la persona con la que que hay que hablar es: [k.griffen@coughlanpublishing.com](mailto:k.griffen@coughlanpublishing.com) Só apuntou o e-mail.
8. Random House Mondadori. Barcelona. Contacto: Iolanda Batallé, Editora. Pero pero habería que falar con: Stefano Moro [www.harpercollinschildrenbooks.co.uk](http://www.harpercollinschildrenbooks.co.uk) Antes só querían contacto a través da web pero este ano traemos o mail directo para falar con Stefano [ragazzi.grafico6@mondadori.it](mailto:ragazzi.grafico6@mondadori.it)
9. The O'Brien press ltd. [www.obrien.ie](http://www.obrien.ie) Dublín, Irlanda. Contacto: Iván O'Brien, Managing Director. Pero para enviar traballos a ,odo persoal facelo a: Emma Byrne ([emma@obrien.ie](mailto:emma@obrien.ie))
10. Inés Obregón de Cospedal, Axente de ilustradores. [Ines.obregon@yahoo.es](mailto:Ines.obregon@yahoo.es) +34679163684. Mantense unha reunión con el onde comenta pide asesoramento a FADIP en canto a temas legais porque está empezando e quere levar as cousas de

forma correcta cós ilustradores. Comentanos que está a facer unha carteira de máximo 20 ilustradores e que o seu obxectivo é vendelos en axencias de publicidade de primeira liña e editoriais. Mostra interese polo material que lle `presentamos e levase un cd..

11. Callis. [www.calliseditora.com](http://www.calliseditora.com) Brasil. Contacto hecho a través de Simone Kubric Lederman, Editor. [editorial@callis.com.br](mailto:editorial@callis.com.br)
12. Edelvives (grupo editorial Luis Vives). [www.edelvives.es](http://www.edelvives.es). Madrid . Contacto hecho a través de Cristina Martínez. [cmartinez@edelvives.es](mailto:cmartinez@edelvives.es) aíndan que para mandar mostrás debería contactarse a través da súa web con fernando Agresta, o director de arte que se mal non lembrades foi convidado fai varios anos ao III ENCONTRO GALEGO DE ILUSTRADORES.
13. Parramón. [www.parramon.com](http://www.parramon.com) Barcelona. Contacto hecho a través de Jesús Araújo. Editor infantil. ([jesus.araujo@parramon.es](mailto:jesus.araujo@parramon.es)) Mostrou gran interese en quedarse có catálogo 10 Anos de BD. Dixo estar buscando autores de comic e quelere que se le envíen mostrás. Mandar tamén cousas a Mª Fernanda Canal, Directora editorial. ([mariafernanda.canal@parramon.es](mailto:mariafernanda.canal@parramon.es))
14. Andersen Press Limited. Londres. U.K. [www.andersenpress.co.uk](http://www.andersenpress.co.uk) Contacto: Mathilde Coffy, Rights Assistant. [mcoffy@randomhouse.co.uk](mailto:mcoffy@randomhouse.co.uk)
15. Oxford University Press. UK. Contacto: Karen Stewart, Senior Designer Children´s Books. ([karen.stewart@oup.com](mailto:karen.stewart@oup.com)) Mostraron gran interese nos nosos catálogos, fixándose especialmente no traballo de Patricia Castelao e Xan López Domínguez
16. Brushfire limited. Londres, UK. Contacto: Keith Finch. Director. [keith@brushfire.ltd.uk](mailto:keith@brushfire.ltd.uk)
17. Editorial Casals, s.a. [www.editorialcasals.com](http://www.editorialcasals.com) Casp,79. 08013 Barcelona. Contacto: Francesc Infante. ([francesc.infante@editorialcasals.com](mailto:francesc.infante@editorialcasals.com) ) Quieren muestrás en papel.
18. Dark Horse comics. ([www.darkhorse.com](http://www.darkhorse.com)) Milwaukie. Só aceptan mostrás facendo contacto a través da súa web.
19. Mart publications. [www.sizinkiler.com](http://www.sizinkiler.com) Estambul. Contacto: Ece Memecan. Foreign Rights Director. [ece@sizinkiler.com](mailto:ece@sizinkiler.com)
20. Oqo editora. Pontevedra. [www.OQO.es](http://www.OQO.es) Contacto: Eva Mejuto. [OQO@OQO.es](mailto:OQO@OQO.es)
21. Violet. París. [www.violet.net](http://www.violet.net) Contacto: Consolata Lajolo ([consolata@violet.net](mailto:consolata@violet.net))
22. Libros del zorro rojo. Barcelona. Contacto: Fernando Diego García. Director Editorial ([fdgarcia@librosdelzorrorojo.com](mailto:fdgarcia@librosdelzorrorojo.com))
23. Amber Books. Londres, UK. [www.amberbooks.co.uk](http://www.amberbooks.co.uk) email de contacto: [enquires@amberbooks.co.uk](mailto:enquires@amberbooks.co.uk)
24. Boxer Books. [www.boxerbooks.com](http://www.boxerbooks.com) Londres, UK. Contacto: Frances Elks ([fe@boxerbooks.com](mailto:fe@boxerbooks.com))
25. Artemisia progetti editoriali srt. [www.rights.com](http://www.rights.com) Italia. Contacto: Laura Aceti ([laura@rights.it](mailto:laura@rights.it))
26. Sieteleguas ediciones. [www.sieteleguas.es](http://www.sieteleguas.es) Madrid. Contacto: Tony Amago, director artístico & responsable de edición ( [tony@sieteleguas.es](mailto:tony@sieteleguas.es) )
27. Grupo SM. [www.grupo-sm.com](http://www.grupo-sm.com) . España. Contacto, Antes era o director de arte: Pablo Núñez. ([pablo.nuñez@grupo-sm.com](mailto:pablo.nuñez@grupo-sm.com)). Este ano nos comentan que preferiblemente faledes con Elsa Aguiar que é a persoa que leva o tema infantil e xuvenil e a colección de cómic na editorial. [Elsa.aguiar@grupo-sm.com](mailto:Elsa.aguiar@grupo-sm.com) ou senón podeades chamar e preguntar tamén pola súa compañeira Berta. O teléfono da editorial é 914228800.
28. Sourcebooks, Inc. [www.sourcebooks.com](http://www.sourcebooks.com) Naperville, IL. Contacto: Kelly Barrales-Saylor. Associate editor. ([kelly.barrales-saylor@sourcebook.com](mailto:kelly.barrales-saylor@sourcebook.com))
29. Imagine. Quebec. Canadá. Contacto: Maryse Lesage. Head of foreign rights. [miesage@telefiction.com](mailto:miesage@telefiction.com)
30. Peachtree publishers. [www.peachtree-online.com](http://www.peachtree-online.com) Atlanta, USA. Contacto: Melanie Mc Mahon, Production manager. ([melanie@peachtree-online.com](mailto:melanie@peachtree-online.com))
31. Marshall Cavendish corporation, NY, USA. ([www.marshallcavendish.us](http://www.marshallcavendish.us)) Contacto hecho a través de Richard Farley, vicepresidente. Falar con: Anahid Hamparian ([ahamparian@marshallcavendish.com](mailto:ahamparian@marshallcavendish.com))
32. The Creative Company. [www.thecreativecompany.us](http://www.thecreativecompany.us) USA. Contacto: Mary Sue Rosin. ([mary.rosin@thecreativecompany.us](mailto:mary.rosin@thecreativecompany.us))
33. Susaeta ediciones. ([www.susaeta.com](http://www.susaeta.com)) Madrid. Contacto: Eleanor Pitt, pero hay que hablar con Juanjo Gutiérrez.
34. Glenat España. Joan Navarro.
35. Kalandraka

36. Jerónimo Stilton. Milano, Italia. Contacto: Roberta Bianchi (Consulente artístico) [illustratori@edizpiemme.it](mailto:illustratori@edizpiemme.it)
37. Nathan. Paris, Francia. Contacto: Pauline Martin, director artístico. [pmartin@nathan.fr](mailto:pmartin@nathan.fr)
38. L'atelier du poisson soluble. Francia. Contacto: Stephane. [stephane@oissonsoluble.com](mailto:stephane@oissonsoluble.com) Estos piden preferiblemente proxecto pechados de album infantil.
39. Media Vaca. Valencia, España. Contacto: Vicente Ferrer. [mediavaca@mediavaca.net](mailto:mediavaca@mediavaca.net)
40. Grupo Planeta. Contactamos con Mercedes San Segundo que leva a venta de dereitos no extranxeiro e quedamos en voltar a contactar con ela para que nos facilite o enderezo da persona que leva aos ilustradores polo que ao momento de pechar o informe aínda non dispoñemos dese dato. Intentaremos actualizalo o antes posible.



## 7. LIBROS DE CONSULTA PARA A BIBLIOTECA DA AGPI

Trouxemos as seguintes publicacións para a nosa biblioteca, de uso na nosa sede:

- *Illustratori Italiani Annual 2009*
- *BOBOJO (Bologna Book Journal)*, revista oficial da feira
- Programa e planimetría da feira
- Catálogo da Asociación de Escritores e Ilustradores de Infantil e Xuvenil de Hungría
- Dossier promocional de ilustradores coreanos
- *Directorio de editoriales de libro infantil y juvenil del gremio español de editores*
- *Directorio de editoriales de libro de enseñanza del gremio español de editores*
- *Directorio de editoriales de libro científico del gremio español de editores*
- Guía da Asociación de Editores Valencianos
- Catálogo de Michael Neugebauer Edition 2009
- Catálogo de Giunti Junior Libri per Ragazzi 2009
- Catálogo Stone Arch Books





## ALGUNHAS VALORACIÓNS PERSOAIS DO ACONTECIDO ESTE ANO

- A importancia de repetir equipo na expedición, xa que isto serve para que AGPI teña unha imaxe fixa na feira e que os contactos establecidos en anos anteriores vaian reforzándose e nos recoñezan.
- Comprobamos por segundo ano consecutivo que o enorme esforzo que supón o noso labor promocional como asociación non a fai ningunha outra asociación, xa non só estatal senón incluso internacional. Polo xeral limítanse a repartir catálogos nos seus postos, pero non se patean a feira coma nós, entregando guías en man e entrevistándose con editores para tentar vender o produto que facedes os nosos socios.
- Como anécdota a respecto do punto anterior, cabe engadir que varios editores pensaban que eramos axentes. Unha directora artística dunha multinacional italiana preguntounos despois de reunirnos con ela cal era a nosa comisión por representar os autores incluídos na guía, e obviamente dixemos que ningunha, xa que somos dous socios máis e o facemos de maneira gratuíta. A muller non o podía crer. Non sei se quedaríamos coma bobos, porque en feiras como Angulema a xente vai facer negocio e cóbrase ata por respirar. Esperamos que con isto valoredes o traballo que se está a facer desde a directiva exportando deste xeito exhaustivo o voso traballo.
- Como conclusión de todo isto, a pregunta é se realmente imos un paso por diante no ámbito promocional ou se realmente estamos a facer máis traballo do que nos toca como asociación e deberíamos limitarnos a centralizar a promoción no noso posto sen facer o sobreesforzo que supón estar catro días intentando entenderse con xente de todo o mundo ata que nos saen chagas nos pés (porque vos aseguramos que nos saíron).

### NOTA:

Este informe é específico sobre a feira deste ano. Para información detallada sobre o funcionamento da feira e información xeral, remitímosvos ao informe de 2007, realizado por Óscar Villán e Manel Cráneo. Encontrarédolo na zona socios da nosa web.